

NōS

Oposicións

INTERVENCIÓN SOCIOCOMUNITARIA

TEMA 38. Proxectos de intervención e educativos de 0 a 6 anos: criterios e elementos para a súa elaboración. A programación: elementos e técnicas. Tipos de programación. O Proxecto Curricular de Centro na Educación Infantil. Avaliación dos documentos de planificación.

www.nosoposicions.com

www.espazonos.com

**GRAZAS
X CONFIAR
EN NōS**

Experiencia e innovación
na formación de opositores.

ÍNDICE DE CONTIDOS

0. **Introdución**
1. **Proxectos de intervención e educativos de 0 a 6 anos: criterios e elementos para a súa elaboración.**
 - 1.1. **Unha breve referencia histórica**
 - 1.2. **Definición de proxecto**
 - 1.3. **Características dos proxectos de traballo**
 - 1.4. **Esquema dos proxectos de traballo**
 - 1.5. **O proceso didáctico nos proxectos. Elementos**
2. **A programación: elementos e técnicas.**
 - 2.1. **As Unidades Didácticas**
 - 2.2. **Identificación da unidade**
 - 2.3. **Avaliación inicial.**
 - 2.4. **A secuenciación de obxectivos.**
 - 2.5. **Secuenciación de contidos.**
 - 2.6. **As competencias clave**
 - 2.7. **O deseño de actividades.**
 - 2.8. **Avaliación.**
3. **Tipos de programación.**
4. **O proxecto curricular de centro na educación infantil.**
 - 4.1. **Programación Xeral Anual.**
 - 4.2. **Proxecto Educativo.**
 - 4.3. **Proposta pedagóxica.**
 - 4.4. **Regulamento de réxime interior**
5. **Avaliación dos documentos de planificación.**
6. **Conclusiones**
7. **Referencias legislativas básicas**
8. **Bibliografía e webgrafía**

0. INTRODUCCIÓN

- Educación e servizos sociais en Galicia.
- A Educación Infantil 0-3 no sistema educativo español: finalidade e principios.
- O currículo do Ciclo Superior de Educación Infantil

<i>Correspondencia do tema con módulos e ciclos da familia profesional</i>
Ciclo superior de Educación infantil Módulo de Didáctica da Educación infantil

- Competencia da persoa co título de Técnico Superior en Educación Infantil: "diseñar, implementar e avaliar proxectos e programas educativos de atención á infancia no 1º ciclo de Educación Infantil no ámbito non formal, de acordo coa proposta pedagóxica elaborada por unha mestra ou mestre coa especialidade de Educación Infantil ou título de grao equivalente e en toda a etapa no ámbito non formal, xerando entornos seguros e en colaboración cos outros profesionais e familias."

1. PROXECTOS DE INTERVENCIÓN E EDUCATIVOS DE 0 A 6 ANOS: CRITERIOS E ELEMENTOS PARA A SÚA ELABORACIÓN.

1.1. Unha breve referencia histórica

O **método de traballo por proxectos** foi deseñado por **H. Kilpatrick** a principios do século XX, influído por J. Dewey e o movemento de educación progresista, que defende o experimentalismo e a utilización dos intereses do alumnado na práctica educativa. En 1918 W. H. Kilpatrick publicou *Desenvolvemento de proxectos*, no que presentaba unha visión global desta metodoloxía didáctica e definía o método de proxectos como un plan de traballo que se elixe libremente co obxectivo de realizar algo que esperta o propio interese. Pode tratarse da resolución dun problema ou ben dunha tarefa que se desexa levar a cabo. É unha forma de aprender de xeito non fragmentario, atendendo ás necesidades do alumnado, fuxindo do ensino formalista e libresco que está afastado da vida do alumnado.

A súa idea da aprendizaxe baseábase no desenvolvemento de disposicións, actitudes, destrezas e valores que conformaban o carácter da persoa membro dunha sociedade democrática. Todo isto cría que se debía conseguir a través da cooperación, da tolerancia, da formación dun pensamento crítico e non só por medio da aprendizaxe das matemáticas, da historia, da música, da lingua, da educación física.

Moitas das achegas de Kilpatrick, e doutros moitos autores e autoras, seguen aínda viventes, pero hoxe esta metodoloxía non coincide exactamente coas iniciais.

Coa LOXSE esta metodoloxía sufriu un relanzamento, pois permite construír coñecemento a partir das ideas previas do alumnado e facendo que este tome maior responsabilidade na súa propia aprendizaxe.

A introdución das competencias básicas coa LOE fai que se sinale o método de proxectos como unha fórmula potente de desenvolvemento delas. Isto é así porque na sociedade da información e do coñecemento a escola ten que buscar fórmulas que lle permitan rachar co memorismo e coa repetición sistemática e potenciar a capacidade de relacionar feitos, fenómenos, cousas e sucesos, así como a responsabilidade, a convivencia, a tolerancia e a cooperación. A función da escola reconvértese, e non só se trata de ensinar contidos que poden quedar obsoletos en breve, senón de dotar ao alumnado de ferramentas que lle permitan seguir aprendendo por si mesmo. Tampouco se trata de manter unha organización curricular esmigallada, sen conexión coa realidade, senón de abrir as portas ao coñecemento exterior, ás preguntas e problemas de fóra da escola, aos xeitos de relacionarse adecuadamente cunha inxente cantidade de información interpretándoa e valorándoa eficazmente.

1.2. Definición de proxecto

Proxecto é un termo amplamente usado no ámbito educativo actual. Así, escoitamos falar de proxecto educativo, proxecto lector, proxecto de lei, proxectos documentais integrados, proxecto de formación... , neste sentido, proxecto é o "plan e disposición detallados que se forman para executar algunha cousa".

Cando aquí nos referimos a proxectos estamos a falar dun método, dun enfoque metodolóxico concreto, dunha estratexia metodolóxica integradora que parte da necesidade de adecuar o ensino ás necesidades e intereses do alumnado e ás necesidades educativas. Esta estratexia de organización está baseada no tratamento da información de xeito conxunto, no establecemento de relacións entre os contidos e no enfoque globalizado ou interdisciplinario que vai favorecer a construción do coñecemento e a consecución das competencias básicas, asegurando que as aprendizaxes sexan significativas e contextualizadas.

Todo isto supón que:

- O que se vai aprender interésalle ao alumnado porque se parte das súas necesidades.
- A información obtida serve para resolver un conflito ou problema do seu contorno.
- O alumnado enfróntase a problemas verdadeiros e a temas reais e cotiáns, que o mobilizan e lle propoñen retos que lle importan.
- O tratamento, análise e interiorización do aprendido se realiza dende distintos puntos de vista, aceptando o carácter poliédrico dos saberes, pero sen esquecer a súa visión de conxunto.
- A transmisión e aprendizaxe dos coñecementos deixan de estar pechadas e segregadas.
- O aprendido en contextos non formais pode ser incorporado ao saber xeral.
- A avaliación ten sentido, é formativa e guía o proceso de aprendizaxe-ensino. A avaliación non é só tarefa e responsabilidade do profesorado, o alumnado ten un papel importante na regulación do seu propio proceso.
- O traballo da aula se convirte nunha acción colectiva planificada e organizada conxuntamente polo grupo, inducendo a que todas as rapazas e rapaces poidan implicarse activamente nas tarefas en función dos seus intereses e da diversidade, recoñecendo a importancia do grupo e a propia valía.
- As nenas e nenos descubren certas prácticas sociais relacionadas coa cooperación (saber escoitar, negociar compromisos, tomar decisións...), o respecto cara a outras opcións, ofrecer e solicitar axuda ou escribir plans.
- Ofrécense ocasións para controlar o proceso, valorar os logros, medrar na aprendizaxe partindo do que se sabe, co cal as novas aprendizaxes intégranse na estrutura cognitiva do alumnado porque se tenta conectar sempre cos coñecementos e ideas previas.
- Manéxase con éxito a información (seleccionando fontes, recollendo información, ordenándoa, catalogándoa, estruturándoa, interpretándoa e comunicándoa)
- Estimúlase a práctica reflexiva e crítica, e realízase, ao mesmo tempo, unha aprendizaxe por experiencia.

Os proxectos son un método de traballo, son unha das respostas que pode dar o profesorado á necesidade de organizar os contidos na escola dende unha perspectiva integradora, creando unhas condicións de aprendizaxe que permitan garantir a comunicación e o intercambio nun proceso de aprendizaxe autónomo e compartido. Son un xeito de axudarlle ao alumnado a organizar o seu pensamento recollendo o seu interese e a súa curiosidade.

1.3. Características dos proxectos de traballo

As características do enfoque por proxectos son:

- O alumnado aprende facendo.
- O profesorado non é o protagonista do proceso.
- A avaliación é participativa, o alumnado tamén se autoavalía e avalía o proceso.
- Calquera situación, problema, necesidade... xera ou pode xerar un proxecto.
- Trátase de comprender, valorar, axuizar a realidade e intervir sobre ela para melloralala seguindo un enfoque integrador.
- A planificación e a acción discorren conxuntamente nun principio. Profesorado e alumnado planifican en conxunto e este desenvolve a autonomía e a capacidade de facer eleccións e negociacións.
- O clima creado propicia que o alumnado poida aprender e practicar unha ampla gama de habilidades sociais e metacognitivas, así como disposicións para aprender a aprender.
- A mobilización de saberes permite resolver problemas e situacións e provocar novas aprendizaxes.
- O feito dun traballo compartido permítelle, tamén ao profesorado, desenvolver competencias profesionais.
- O obxecto de traballo, nun proxecto interdisciplinario, pode tratarse dende distintas áreas ou materias, que achegarán aspectos novos que, illadamente, seguramente non serían considerados nin traballados.

Unha das funcións máis importantes dos proxectos de aula é a de favorecer a creación e desenvolvemento de estratexias de organización dos coñecementos escolares a partir:

- do que as alumnas e os alumnos son, saben, coñecen, viviron, experimentaron, imaxinan e pensan.
- das fontes de información: para investigar, descubrir, recoller, elaborar, aprender, comunicar, criticar e contrastar.
- dunha presentación didáctica vinculada a unha perspectiva do coñecemento relacional
- da adecuación do proceso de aprendizaxe-ensino ás necesidades e intereses
- do alumando en cada idade, aos obxectivos educativos e á importancia de desenvolver as oito competencias básicas
- das fórmulas organizativas flexibles, áxiles, eficaces e variadas que respecten e garantan o esforzo e os recursos de cadaquén e do grupo
- do grupo como referencia constante
- dun profesorado aberto como mediador do saber, guía e orientador no desenvolvemento do proceso educativo; un profesorado que procura coñecer e saber, promover aprendizaxe cooperativa entre o alumnado e que tenta construír unha orde social da aula onde o respecto e a autoridade non se impoñan arbitrariamente, senón que constrúa responsablemente a alumnado e profesorado conxuntamente.

Traballar por proxectos vainos permitir avanzar na comprensión do concepto de integración de áreas, materias, disciplinas e nunha concepción do mundo e do saber; na necesidade de reflexionar sobre a realidade, sobre o que acontece, sobre as relacións persoais e sobre as interaccións que se establecen, sobre como se ensina e como se aprende cando todas e todos formamos parte do proceso e facemos camiño conxuntamente. Vai permitir, dunha maneira máis eficaz e xusta, atender á diversidade.

Calquera proxecto incide no desenvolvemento de destrezas como as seguintes:

- Actuar e desenvolverse en grupo atopando fórmulas de cooperación coas demais persoas implicadas no proxecto.
- Asumir as responsabilidades e roles que lle correspondan no grupo e nas diferentes actividades e tarefas.
- Establecer relacións entre feitos do seu contorno, entre aprendizaxes formais e non formais, entre o aprendido en distintas áreas ou materias dos currículos.
- Intercambiar, producir, debater e contrastar mensaxes.
- Desenvolver a creatividade e a imaxinación.
- Identificar e resolver problemas partindo da súa experiencia e posibilidades.
- Usar os recursos ao seu alcance para resolver as dúbidas e interrogantes que lle xurdan.
- Tomar decisións e compartilas. Coordinar a propia actuación coa do resto do grupo.
- Anticipar e planificar.
- Ser consciente da propia aprendizaxe.
- Levar a cabo tarefas de busca e procesamento, previa estruturación, da información.

Se a educación debe centrarse no alumnado, hai que aproximala o máis posible á súa realidade para que lle sexa funcional e significativa. En plena sociedade da información debe poñerse máis o acento en como se aprende que en que se aprende. A aprendizaxe non pode concibirse xa, exclusivamente, en termos de coñecemento; o alumnado ten que aprender tamén a relacionarse, a respectar, a ser responsable, a compartir e a convivir. Estes aspectos indicados fan dos proxectos un enfoque metodolóxico ideal para traballar co alumnado na sociedade actual.

1.4. Esquema dos proxectos de traballo

Un proxecto globalizado, unha vez iniciado, pode ter e seguir este esquema:

- Que sabemos?
- Que queremos saber?
- Onde buscamos?
- Que facemos coa información?
- Que aprendemos?
- Que categorías?
- Guión
- Como nos organizamos?
- Que outras cousas poderíamos facer?
- Como mellorar?

Este esquema presupón unhas fases no traballo do proxecto.

- Unha vez decidido o tema/tópico sobre o que se vai traballar e que forma parte da fase de preparación, iníciase a fase de desenvolvemento do proxecto cando se pon en común o que sabemos, é dicir, compartimos as nosas concepcións sobre a temática que se vai traballar.
- Esta abordaxe inicial deixará ao descuberto as necesidades de aprendizaxe que se concretarán no que queremos saber. Decidimos que para acometer esas aprendizaxes precisamos buscar información, polo que chegamos a un consenso sobre as fontes, a organización necesaria e as técnicas para obter a información en cada fonte.
- Recollida a información, acordamos que facer con ela: valórase, contrástase, compárase, esquematízase e comunícase, ofrecendo diferentes canles para cada unha destas opcións.
- Coas aprendizaxes realizadas xa estamos en condicións de elaborar, resolver o problema, contestar á pregunta... (segundo cal fose o punto de partida do proxecto). Pode supoñer este instante unha volta ao punto de partida e permite reflexionar sobre o proceso seguido ata chegar aquí, como foi a participación do grupo e que camiños alternativos posibles habería.
- Na fase final que aprendemos, valórase a aprendizaxe realizada e fanse propostas de mellora. Significa un contraste entre o inicio e o punto de chegada.

1.5. O proceso didáctico nos proxectos. Elementos

Os proxectos son un xeito de entender a vida nun centro educativo, as relacións que nel se dan, as formas de resolución de conflitos, o lugar que teñen os intereses do alumnado, a concepción do currículo como algo en construción... Dende esta idea cada proxecto é un percorrido único e non tanto un método con pasos prefixados e inflexibles.

A continuación preséntanse algúns dos pasos necesarios para desenvolver un proxecto, e aínda que aparecen as fases dun xeito ordenado, non quere dicir que se dean sempre nesta orde ou separadamente, nin sequera esta secuencia é a única posible nun proxecto.

Sen deixar de ter presente que os proxectos poden provir de diferentes fontes e xurdir con diferentes obxectivos e que, polo tanto, se poden desenvolver de distintos xeitos, existen algúns elementos que van estar presentes nun proxecto.

É habitual distinguir tres fases principais:

- Fase de preparación, na que se realizan os primeiros elementos conducentes a definir o proxecto.
- Fase de desenvolvemento, na que se pon efectivamente en práctica o proxecto coas tarefas e actividades deseñadas conxuntamente, sen esquecer as actividades de posta en común e comunicación dos resultados.
- Fase de valoración, na que se valora globalmente o desenvolvemento do proxecto e os resultados e se realizan propostas de mellora e suxestións que axuden na elaboración de novos proxectos.

Os diferentes elementos dun proxecto van permitir desenvolver unha indagación ou investigación axudando o alumnado a comprender e interpretar a realidade, ademais de contribuir a que participe no seu propio proceso de aprendizaxe e teña en conta as e os iguais como facilitadoras e facilitadores da aprendizaxe. Ao longo dun proxecto, o alumnado decátase da importancia de aprender "de" e "coas" outras persoas.

- Fase de preparación
 - ✧ Introducción do proxecto
 - ✧ Estudo de concepcións previas (avaliación inicial)
 - ✧ Elaboración de guión
- Fase de desenvolvemento
 - ✧ Consulta de fontes
 - ✧ Tratamento da información
 - ✧ Avaliación integrada
- Fase de valoración
 - ✧ Avaliación final conxunta

2. A PROGRAMACIÓN: ELEMENTOS E TÉCNICAS.

O artigo 91 da **Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (LOMLOE)**, establece no seu apartado c) o deber do profesorado de "Planificar, desenvolver e avaliar o proceso de ensino e aprendizaxe do alumnado, tendo en conta o seu contexto educativo, e colaborar cos servizos de orientación, coa inspección educativa e co conxunto da comunidade educativa no cumprimento dos obxectivos do proxecto educativo do centro."

Esta obriga céntrase en garantir unha práctica docente estruturada, que responda ás necesidades do contexto e fomente a colaboración entre os profesionais da educación para acadar unha aprendizaxe inclusiva e efectiva.

É dicir, non só a atención directa ao alumnado é unha labor docente, senón tamén a programación das ensinanzas que ten que impartir. A pesar diso, con respecto ao primeiro ciclo da educación infantil sinálase que "En todo caso, a elaboración e seguimento da proposta pedagóxica, estarán baixo a responsabilidade dun profesional co título de Mestre de educación infantil ou título de Grado equivalente".

Na mesma lei defínese o currículo como o conxunto de obxectivos, competencias básicas, contidos, métodos pedagóxicos e criterios de avaliación de cada unha dos ensinamentos. Tendo en conta que a programación é un dos niveis do currículo, estará polo conformada polos mesmos elementos.

Zabalza (1987) indica que a programación é o proxecto educativo e didáctico específico desenvolvido polo profesorado para un grupo de alumnos concreto, nunha situación concreta e para unha ou varias disciplinas. Podemos dicir que programar é decidir o que se pensa facer, é o contrario da improvisación, é anticipar o que vai suceder na aula e poder realizar unha boa xestión da situación que se vai producir.

A programación recibe diversos nomes: programación de aula, programación de curso, programación de grupo ou programación de actividades. Pode ter carácter anual ou elaborarse para períodos temporais máis curtos, como por exemplo un trimestre, pero en todo caso deberá ser coherente coas decisións e obxectivos establecidos na Proposta pedagóxica.

Habitualmente a programación divídese nun conxunto de Unidades Didácticas, que son unidades menores de programación e que constan de todos os apartados previstos na programación didáctica.

Na programación as unidades didácticas están ordenadas e secuenciadas, o que esixe planificar e distribuír os contidos de aprendizaxe ao longo de cada ciclo educativo e planificar e temporalizar as actividades de aprendizaxe e avaliación.

Cantón (2011) sinala as seguintes características que debe reunir unha boa programación:

- **Coherencia.** Tanto dentro da propia programación como en relación cos outros documentos do centro e co currículo oficial.
- **Contextualización.** Debe ter en conta as características do grupo ao que se vai aplicar.

- Utilidade. Non é só un documento burocrático, debe ser fundamentalmente un recurso útil para a intervención na aula.
- Realismo. Debe ser realizable, tanto polos recursos materiais, persoais, de espazo e de tempo dos que se vai dispoñer.
- Colaboración. Debe terse en conta todo o persoal que vai intervir co grupo e facer unha proposta que parta do equipo.
- Flexibilidade. A programación vai dirixida á práctica educativa, polo que deberá axustarse ás condicións da propia práctica.
- Diversidade. Debe incluír diferentes alternativas que permitan que o alumnado poida desenvolverse en función das súas posibilidades.

2.1. As Unidades Didácticas

Viciana (2002) define a unidade didáctica como a unidade mínima do currículo do alumnado con pleno sentido en si mesma e que secuenciada xunto con outras forman un todo máis global que é a programación didáctica.

Podemos atopar unidades didácticas que varían segundo a súa duración, os obxectivos a alcanzar, o tipo de actividades que contempla, a metodoloxía empregada, etc. Deste xeito, na escola infantil podemos ter unidades didácticas de carácter permanente como poden ser as relativas ás rutinas (entrada, necesidades básicas, hixiene, descanso, comidas,...), outras de períodos específicos como pode ser a relativa ao período de adaptación, outras unidades didácticas poden estar referidas a obradoiros, a proxectos, a festas, a acontecementos imprevistos, a centros de interese ou temáticas que terán unha duración variable en función das actividades que se desenvolvan.

Unha unidade didáctica estará composta polos seguintes elementos, aínda que se poden atopar esquemas lixeiramente diferentes:

- Identificación.
- Avaliación inicial.
- Obxectivos didácticos.
- Contidos.
- Competencias básicas.
- Actividades.
- Metodoloxía.
- Organización do espazo.
- Temporalización.
- Recursos.
- Adaptacións curriculares.
- Avaliación.

2.2. Identificación da unidade

Cando deseñamos unha unidade didáctica normalmente forma parte dunha programación na que se atopa encadrada, pero é frecuente tamén que deseñemos unha unidade didáctica de maneira independente para presentala nun proxecto, unha publicación ou unha actividade illada, nestes casos é preciso identificar unha serie de elementos que noutro caso xa estarían especificados ao comezo da programación. Estes elementos que identifican a unidade poden ser:

- Título. Debe ser suxerinte, de maneira que ao oílo xa anime á actividade. Se o título é moi orixinal pero non da pistas sobre o contido é habitual poñerlle un subtítulo que o aclare. Exemplos de títulos: Empurrar e arrastrar, Como recende!!, En marcha. Educación viaria.
- Tipo de unidade. Pode ser un tema concreto, o traballo sobre un centro de interese, un proxecto, etc.
- Ciclo e idade dos nenos e nenas aos que vai dirixida.
- Trimestre no que se desenvolve.
- A duración da mesma.

2.3. Avaliación inicial.

Cando se deseña o currículo é preciso analizar as achegas que se realizan dende as catro fontes do currículo, do mesmo xeito, cando se deseña unha programación tamén é necesario revisar o que achega cada unha das fontes do currículo, pero adaptado ao nivel de concreción do currículo no que se está a traballar. Neste caso analizarase:

- A fonte psicolóxica: Analizando as características do alumnado co que imos traballar.
- A fonte sociolóxica: Tendo en conta as características do medio sociocultural e familiar no que imos desenvolver a intervención.
- A fonte epistemolóxica: Que levará a unha análise das perspectivas científicas máis actualizadas do tema que esteamos a traballar.
- A fonte pedagóxica: Analizando tanto o marco curricular prescrito pola administración, como a nosa experiencia educativa e os recursos didácticos dos que dispoñemos.

As características do alumnado co que imos traballar.

No deseño de unidades didácticas, o coñecemento do nivel de desenvolvemento do noso alumnado é un elemento fundamental xa que afecta a todas as decisións pedagóxicas e curriculares que debemos tomar:

- A selección de contidos.
- A determinación de capacidades a cuxo logro deben cooperar.
- A elección de estratexias metodolóxicas.
- A organización de secuencias de traballo idóneas.
- A configuración de experiencias de ensino-aprendizaxe.
- A procura de recursos a través dos cales poden materializarse ditas experiencias.
- A selección de técnicas e instrumentos para avaliar o proceso de ensino-aprendizaxe.

Para a intervención educativa teremos que ter en conta as achegas que fan os estudos sobre psicoloxía do desenvolvemento que nos permiten definir os trazos característicos dos distintos grupos de idade. Pero este coñecemento xeral das características psicolóxicas dunha determinada idade ten que ser complementada coas informacións adquiridas pola intervención directa do profesorado co grupo de alumnas e alumnos.

As características do medio sociocultural e familiar no que imos desenvolver a intervención.

Toda a aprendizaxe que se realiza na escola cobra significado cando o alumnado a aplica no medio onde desenvolve a súa actividade. Por este motivo a contorna xoga un papel determinante na súa vida e experiencia, e polo tanto é imprescindible realizar un traballo de exploración no mesmo para:

- Profundar no coñecemento do noso alumnado, dado que o contexto natural, sociocultural e familiar media no desenvolvemento motor, socioafectivo e cognitivo.
- Seleccionar estímulos ambientais adecuados e acordes coa situación de ensino-aprendizaxe.
- Desenvolver, na medida do posible, unha acción compensadora das deficiencias que puidésemos achar na contorna.
- Axudar ao alumnado no proceso de transición da construción persoal e subxectiva da realidade ao proceso de reconstrución da mesma máis obxectivo, racional e compartido.

O traballo das educadoras e educadores infantís realízase nunha escola infantil e esta escola atópase situada nunha contorna configurada por elementos tanto naturais como socioculturais, será preciso ter en conta esta contorna á hora de planificar o traballo educativo.

Na etapa educativa da que estamos a falar a contorna ten un aspecto fundamental que é a familia.

A influencia do contexto familiar é determinante na construción da intelixencia e da personalidade porque:

- Ofrece modelos de conduta.
- Condiciona a integración no mundo e o inicio da comprensión e da participación nas relacións humanas por ser o ámbito onde se inician as distintas linguaxes: verbal, xestual, afectiva, etc.
- Repercute a través dos reforzos positivos e negativos que utiliza no desenvolvemento dunhas condutas sobre outras.
- Potencia a aparición e consolidación de actitudes, hábitos, normativa moral e estilos cognitivos.

Coñecendo, pois, a relevancia do influxo familiar no desenvolvemento integral do individuo deberemos interesarnos en aspectos como:

- Profesión dos membros da familia e estudos realizados.
- Intereses e inquietudes que potencian nas súas fillas e fillos a través do emprego do lecer (asistencia a manifestacións culturais, hábito lector, etc.).

- Facilidades que o alumnado ten en casa para reforzar as súas aprendizaxes (condicións para o estudo, actividades extraescolares, existencia de computador, software educativo, etc.).
- Hábitos que promoven nos seus fillos e fillas a través da intervención sistemática nos seus comportamentos (orde, limpeza, dedicación ao traballo).
- Interacción da familia co centro (contacto co profesorado e con outras familias, participación en actividades do centro, facilidades para que as súas crianzas manteñan contacto cos seus compañeiros e compañeiras fora do horario lectivo, etc.)

O coñecemento específico deste contexto permitiranos extraer conclusións que resultarán operativas se se materializan no deseño das unidades didácticas dun modo efectivo, compensador e enriquecedor.

A fonte epistemolóxica levará a unha análise dos contidos científicos máis actualizados na materia correspondente que esteamos a desenvolver.

O marco curricular prescrito pola administración, a nosa experiencia educativa e os recursos dos que dispoñemos.

O currículo publicado pola administración educativa non só é unha guía para o traballo do profesorado, tamén é un documento legal prescriptivo, non só orienta de maneira flexible a acción educativa, tamén obriga aos centros a conseguir unha serie de obxectivos e a traballar unha serie de contidos.

No deseño das programacións de aula é preciso revisar os obxectivos e contidos explicitados no decreto do currículo referido ao noso nivel educativo e seguir as orientacións metodolóxicas e para a avaliación.

Pero, ademais dese marco normativo, a experiencia profesional pode darnos pistas sobre a proposta de traballo.

E ademais revisar a experiencia profesional persoal de cada unha das persoas do equipo educativo da escola.

2.4. A secuenciación de obxectivos.

No **Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia**, ademais de indicarse uns obxectivos xerais para toda a etapa da Educación Infantil, establécense outros para cada unha das áreas nas que se estrutura o primeiro ciclo.

No **novo decreto curricular**, as áreas manteñen unha denominación similar ao anterior D.330/2009, pero con algúns matices que reflicten os novos enfoques pedagóxicos. As denominacións oficiais das áreas son agora:

1. **Comunicación e representación da realidade** (anteriormente "Linguaxes: comunicación e representación"): Esta área abarca agora non só a linguaxe verbal e matemática, senón tamén outras formas de expresión como a plástica, corporal e musical.
2. **Crecemento en harmonía** (anteriormente "Coñecemento de si mesmo/a e autonomía persoal"): Esta área pon o foco no desenvolvemento emocional, o autocoidado e a autonomía progresiva do alumnado.
3. **Descubrimento e exploración da contorna** (anteriormente "Coñecemento do contorno"): Engádese unha visión máis ampla que inclúe a sensibilización ecolóxica e o descubrimento do contorno natural e social inmediato.

Vexamos algúns posibles exemplos de concreción de obxectivos para a programación, partindo dos obxectivos que se prescriben no Currículo.

Por exemplo, se tomamos o seguinte obxectivo da área de **Crecemento en harmonía**: "**Tomar conciencia do propio corpo identificándoo global e segmentariamente.**" Podemos formular obxectivos para as unidades didácticas que forman parte da programación, como os seguintes:

- Empregar o corpo de maneira global para explorar obxectos e espazos, identificando pés e mans como instrumentos lúdicos.
- Identificarse como persoa ante o espello, respondendo ao seu nome, facendo uso das dúas mans e recoñecendo as principais partes do seu corpo: cabeza, brazos, pernas.
- Tomar conciencia do seu corpo no que se refire ao coñecemento das súas partes principais, imitando xestos simples e expresando ritmicamente emocións de alegría, bailando, saltando, aplaudindo, etc.
- Valorar os seus progresos en hábitos de coidado e aseo, como o control de esfínteres, ir autonomamente ao baño, etc.
- Coñecer as diferenzas persoais principais, valorando a súa identidade de xénero e acomodando a propia acción ás súas posibilidades.
- Nomear cada unha das partes do seu corpo.
- Recoñecer as propias habilidades motrices grosas e finas, amosando unha tendencia a avanzar na consecución de novos logros.

Se tomamos como referente un obxectivo da área de **Descubrimento e exploración da contorna**, como "Observar o seu contorno, identificando as propiedades dos obxectos para establecer comparacións" e o relacionamos cunha das características da natureza, como pode ser o clima, poderíamos formular obxectivos para as unidades didácticas do tipo:

- Experimentar os efectos do clima no corpo: a luz do sol nos ollos, a calor que produce sobre a pel, o vento, a chuva, etc.

- Tomar conciencia de que o clima condiciona moitas das actividades que se realizan na escola: saen máis ao exterior cando vai bo tempo, non poden saír cando chove, etc.
- Decatarse de que o clima determina o tipo de vestido que debemos levar: abrigámonos cando vai frío, levamos roupa lixeira cando vai calor, pomos impermeables cando chove, etc.
- Observar as modificacións que experimentan as plantas cos cambios de estación: perden a folla, floreat, botan froito, etc.
- Recoñecer a través da observación e recollida de datos a maior ou menor presenza de determinados fenómenos atmosféricos en función da estación do ano (chuvia, sol, vento, néboa, etc).
- Percibir os diferentes matices que ofrece a natureza segundo a luminosidade do sol en días claros ou a escuridade en días anubrados, así como os matices do outono, do inverno, da primavera, etc.

Os obxectivos fórmulanse habitualmente cun verbo en infinitivo, deben ser concisos e comprensibles e facer referencia a unha conduta que se espera que realice o alumnado ao remate do proceso de ensino.

Os obxectivos, polo tanto, non indican o que vai facer o profesorado para conseguir esa conduta, que se especificará na metodoloxía. Non sería correcto, por exemplo, sinalar como obxectivo: "mostrarlle ao alumnado diferentes alimentos" ou "ensinar as cores".

Para que sexa doado identificar que é o que se pretende realmente que faga o alumnado, non é aconsellable empregar verbos que indiquen comportamentos moi xenéricos, do tipo: saber, coñecer, entender, etc. Algúns exemplos de verbos que se poden empregar na formulación de obxectivos son: analizar, clasificar, recoñecer, sinalar, construír, elaborar, observar, manipular, colaborar, aceptar, apreciar, valorar, etc. En calquera caso, a corrección ou non do obxectivo virá determinada pola redacción completa do mesmo, e non só polo verbo empregado.

Un obxectivo, como sinalamos, indica unha conduta esperada do alumnado ao remate do proceso educativo, teña este a extensión que teña (unha semana, un curso, un ciclo), pero non un comportamento realizado durante o proceso educativo. Deste xeito, non será un obxectivo "saír ao patio" se o que se pretende é que o alumnado aprecie o cheiro das flores, ou como varía a sombra segundo nos movemos cando se sae ao patio. Pola contra, si podería ser un obxectivo se o que estamos é a traballar o desprazamento e a marcha autónoma, e despois dun traballo queremos que os nenos e nenas saian ao patio autonomamente.

2.5. Secuenciación de contidos.

Así como os obxectivos xa aparecen nas programacións desde os modelos que parten da Lei Xeral de Educación do ano 1970, os diferentes tipos de contidos é unha incorporación ao currículo da LOXSE. Nese momento fálase de contidos conceptuais, procedimentais e actitudinais, na LOMLOE mantense esa achega pero evitando presentar de maneira separada cada un deses tipos de contidos.

Como sinala Coll (1992) os conceptos foron o eixo fundamental dos contidos educativos até a aprobación da LOXSE, e moi posiblemente a parte principalmente avaliada en moitas materias incluso no momento actual. Os contidos conceptuais poden ser de dous tipos:

- **Feitos:** Son os nomes das cousas, os datos (a cor laranxa, o nome da educadora, os nomes dos dedos, etc.) A súa aprendizaxe consiste na repetición literal do nome non precisan comprensión, variar unha letra ao nome da profesora implica falar doutra persoa, adquirese dunha vez, non é preciso razoalo, memorízase pola repetición e esquecese doadamente se non se repasa.
- **Conceptos:** Implica dar significado aos datos, por exemplo entendemos que as persoas teñen unha cabeza, ou que as bicicletas teñen dúas rodas e non teñen motor. A súa aprendizaxe implica relación con coñecementos anteriores e se adquire gradualmente unha vez que resulta significativo para a persoa que o aprende, os conceptos esquecense de maneira máis gradual e lenta que os feitos.

Os contidos procedimentais son actuacións ordenadas dirixidas cara unha meta clara por exemplo recoller a mesa despois de comer. É dicir, agrupa a todas aquelas habilidades, estratexias, técnicas, métodos, etc. que se aprenden na escola (ou noutros lugares), É a destreza que queremos axudar a que o alumnado constrúa. Falamos de procedemento como un conxunto de accións máis simples que unha vez realizadas na secuencia correcta pódese dicir que se ten adquirido o procedemento, así recoller a mesa despois de comer implica cando menos: Ter conciencia de cal é o momento en que xa se rematou de comer, poder coller os diferentes obxectos que están na mesa, camiñar mantendo o equilibrio con determinado número de obxectos na man, saber en que lugar é necesario depositar cada obxecto, etc.

A escola non aprende só conceptos e procedementos, tamén transmite valores, que son o conxunto de principios éticos con respecto aos cales as persoas senten un forte compromiso emocional e que se empregan para xulgar as condutas. A escola como parte da sociedade transmite e debe transmitir unha serie de valores que a sociedade consensuadamente ten asumidos: valores democráticos, de igualdade entre os sexos, de solidariedade, etc.

A continuación podes ver un exemplo de como poderían aparecer os contidos de unha programación, partindo dos que se sinalan no currículo:

Así por exemplo o seguinte contido que se inclúe no bloque 3 da área de coñecemento do contorno denominado Cultura e vida en sociedade: Coñecemento e participación en costumes, tradicións da cultura galega e celebracións persoais.

Pode concretarse nos seguintes contidos dunha Unidade Didáctica dunha Programación:

- O entroido, as carautas, as torradas. (conceptos)

- Realización de carautas. Identificación de alimentos propios do entroido. (procedementos)
- Goce coa participación na festa dos disfraces. (actitude)

2.6. As competencias clave

Escamilla (2008) fai unha recompilación de diferentes definicións de competencia, quizais a máis axustada sexa a que a define como: a capacidade para responder con éxito a esixencias complexas nun contexto particular, mobilizando coñecementos e aptitudes cognitivas e prácticas, e compoñentes sociais e comportamentais como actitudes, emocións, valores e motivacións.

É dicir unha persoa é competente cando é capaz de mobilizar todos os seus coñecementos e habilidades de todos tipo para responder con éxito a unha tarefa concreta dun nivel máis ou menos complexo. A diferenza esencial con outro tipo de elementos do currículo, como os procedementos, por exemplo, é que a competencia ten que desenvolverse nunha situación real para resolver unha tarefa concreta.

Por exemplo seleccionar un conto e buscar un recuncho apropiado para miralo, ou identificar o coche da familia cando o veñen buscar ao remate da mañá.

As competencias incorporáronse ao currículo coa LOE no ano 2006 e se desenvolveu no anexo II do Decreto 330/2009, do 4 de xuño (derogado a día de hoxe). Actualmente tomamos como referencia o actual decreto xa citado, que se adaptou as bases educativas da LOMLOE pasando a denominarse Competencias Clave.

A continuación, describíense as competencias clave establecidas, adaptadas á etapa de Educación Infantil:

1. Competencia en comunicación lingüística (CCL)

Esta competencia desenvolve a capacidade de expresar e comprender ideas, sentimentos e desexos, tanto de forma oral como a través doutras linguaxes (xestos, debuxos, sons). En Educación Infantil, foméntase mediante actividades que potencian a comunicación e o vocabulario básico, creando oportunidades para a escoita activa e a expresión oral e gráfica.

2. Competencia plurilingüe (CP)

A competencia plurilingüe promove o respecto e a apertura a diferentes linguas e culturas. En Infantil, iníciase ao alumnado en diversos códigos lingüísticos (especialmente galego e castelán, e, en moitos centros, inglés) para que desenvolva unha actitude receptiva e comprensiva cara á diversidade lingüística, favorecendo tamén a adquisición dun vocabulario básico en varias linguas.

3. Competencia matemática e competencias en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría (CMCTE)

Esta competencia involucra o desenvolvemento de habilidades para resolver problemas, comparar obxectos e comprender conceptos básicos de número, forma e orde. En Infantil, preséntase mediante xogos e experiencias manipulativas que permiten ao alumnado explorar conceptos matemáticos sinxelos, como contar obxectos, recoñecer formas xeométricas e observar cambios na natureza (por exemplo, o ciclo das estacións).

4. Competencia dixital (CD)

A competencia dixital implica coñecer e empezar a utilizar ferramentas dixitais de forma segura e responsable. En Educación Infantil, esta competencia desenvólvese a nivel básico, familiarizando aos nenos e nenas con dispositivos dixitais (como pantallas ou xogos interactivos) e fomentando actitudes de responsabilidade e seguridade ao usalos.

5. Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA)

Esta competencia promove habilidades de autoconhecimento, empatía, resolución de conflitos e responsabilidade social. En Infantil, trabállase a través de actividades que ensinan ao alumnado a recoñecer e xestionar emocións, relacionarse positivamente cos demais, respectar normas de convivencia e desenvolver actitudes de cooperación e axuda mutua.

6. Competencia cidadá (CC)

A competencia cidadá en Infantil céntrase en desenvolver un sentido de pertenza á comunidade, o respecto ás normas e o coidado do entorno. Mediante actividades relacionadas co coidado do espazo común, os hábitos de hixiene e a participación en tarefas colectivas, os nenos e nenas comezan a comprender o valor da cidadanía e do respecto cara aos demais.

7. Competencia emprendedora (CE)

Esta competencia fomenta a capacidade de iniciativa, creatividade e resolución de problemas. En Educación Infantil, trabállase facilitando situacións nas que o alumnado poida explorar, tomar decisións sinxelas, crear e enfrontarse a pequenos retos, promovendo unha actitude positiva cara á autonomía e o pensamento creativo.

8. Competencia en conciencia e expresións culturais (CEC)

A competencia en conciencia e expresións culturais promove o coñecemento e a valoración das manifestacións culturais propias e doutros contextos. En Infantil, introdúcese ao alumnado no descubrimento de manifestacións artísticas como a música, a plástica, o teatro e o baile, fomentando a participación en actividades de expresión artística e o respecto pola diversidade cultural.

Estas competencias clave, traballadas de forma transversal en todas as actividades, aseguran un desenvolvemento equilibrado que combina o aspecto académico co social, emocional e cultural, adaptándose ás necesidades específicas dos nenos e nenas en Educación Infantil.

2.7. O deseño de actividades.

As actividades son o último elo do proceso de planificación e, polo tanto, deberían responder a todas as decisións curriculares previas. As actividades deséñanse a partir dos obxectivos e contidos que se pretenden traballar. Á hora de deseñar as actividades debemos ter en conta as mesmas cuestións de carácter xeral que vimos comentando respecto á programación e ás unidades didácticas:

A significatividade e globalidade das mesmas: as actividades deben estar relacionadas coas experiencias previas dos nenos e nenas, cos seus intereses, deben gustarlles e ser motivadoras ao tempo que lles supoñan un reto e lles permitan implicarse globalmente.

- A finalidade educativa, é dicir, que respondan ós obxectivos e contidos programados.
- O respecto polos diferentes ritmos de desenvolvemento.
- Permitir a iniciativa das crianzas, e dicir, debemos propoñer tarefas que deixen espazo para as eleccións individuais: os nenos e nenas poden elixir os materiais, obxectos, etc. Trátase de evitar que todos teñan que facer o mesmo e ao mesmo tempo.
- O respecto polos diferentes ritmos individuais
- A interacción entre neno/a-educador/a-grupo, nun clima cálido e acolledor.
- A intervención do educador
- Permitir a expresión a través de diferentes linguaxes.
- As capacidades que exercitan os nenos: cognitivas, motrices, afectivas, de relación interpersonal e de inserción social.
- Que queden establecidos os distintos aspectos da súa organización: o espazo onde se van a realizar, os tempos, os materiais e os distintos agrupamentos dos nenos.
- Que sexa posible valorar e avaliar o proceso e os instrumentos que o fan posible.

Tipos de actividades.

1. Atendendo á súa **temporalización** podemos diferenciar:

a) Actividades de iniciación ou motivación

Teñen como obxectivo fundamental averiguar o que os nenos coñecen sobre os contidos que se van a traballar, os seus intereses e as ideas erróneas; tamén se inclúen aquí as actividades realizadas para propiciar o interese e motivar ós nenos e nenas. Nesta fase se lles explica o que se vai facer, o que se espera que fagan eles, etc, asegurándonos que todos o entenden.

b) Actividades de desenvolvemento

Dirixidas á adquisición, afianzamento e elaboración das aprendizaxes e descubrimentos dos nenos. Dentro deste grupo temos que incluír:

- actividades de consolidación para que os nenos poidan xeneralizar as aprendizaxes
- actividades de ampliación, para aqueles que superen o nivel de dificultade establecido inicialmente
- actividades de reforzo para aqueles ós que o seu nivel de desenvolvemento non lles permite realizalas.

c) Actividades finais ou de avaliación

Con elas os nenos recordan o aprendido e recollen o proceso recorrido. Proporcionan datos ó educador sobre as novas adquisicións e lle permiten, si están ben deseñadas, avaliar a súa práctica educativa. Este tipo de actividades poden servir tamén como iniciais, nunha seguinte programación porque aportan datos ó educador sobre os coñecementos adquiridos, que se converterán en ideas previas en posteriores unidades didácticas e actividades.

2. Especificamente se menciona no decreto do currículo a metodoloxía de proxecto, polo que podemos facer tamén unha proposta de organización das actividades seguindo a Decroly e atendendo ao tipo de actividade desenvolvida en cada momento do seu traballo por **centros de interese**:

a) Actividades de observación e experimentación

Son aquelas nas que a partir dos sentidos e a percepción os nenos e nenas irán explorando e experimentando sobre o propio corpo, os obxectos do medio físico e social, etc. e adquirindo coñecemento sobre as súas características e propiedades.

b) Actividades de asociación

É o tipo de actividades nas que se poñen en relación os novos coñecementos cos xa adquiridos e coa realidade. Así, e dependendo das idades dos nenos, podemos establecer relacións de utilidade (serve para...), de semellanza e diferenza, de oposición (é o contrario de...), de pertenza, espaciais, temporais,... Aínda que os nenos non poidan expresar estas relacións si irán relacionando uns obxectos con outros mediante tanteo.

c) Actividades de expresión

Son aquelas nas que, como fase final e de recompilación do proceso, as crianzas expresan mediante a palabra, o debuxo, o movemento,... as súas aprendizaxes.

3. Tamén podemos diferenciar as actividades tendo en conta o **tipo de agrupamento**:

- a) Actividades individuais
- b) Actividades en pequeno grupo
- c) Actividades de gran grupo

4. A maiores, podemos sinalar tamén as actividades segundo partan do **currículo** ou non o apliquen de maneira directa. De aí podemos destacar:

- a) Actividades ordinarias: desenvolven o currículo e localízanse en espazos de uso cotián.
- b) Actividades complementarias: desenvolven o currículo, poden contar con elementos diferentes dos ordinarios (visitas de persoas alleas, localización diferente, recursos diferentes... por exemplo: as saídas, contacontos, visitas a biblioteca municipal, etc.)

- c) Actividades extraescolares: non desenvolven de xeito directo o currículo, non é a súa finalidade, amais exceden o horario habitual marcado para as actividades ordinarias. Poden contar con recursos humanos e materiais diferentes dos ordinarios.

2.8. Avaliación.

A avaliación na Educación Infantil en Galicia, regulada en parte pola **Orde do 30 de maio de 2023**, adáptase ao desenvolvemento integral do alumnado e está fundamentada nos principios de continuidade, globalidade e carácter formativo. É un proceso esencialmente cualitativo, que busca valorar o progreso dos nenos e nenas en relación coas súas capacidades e coa adquisición de competencias clave en función dos obxectivos establecidos.

- Esta orde normativa está dirixida exclusivamente ao segundo ciclo de Educación Infantil (3-6 anos) e establece os criterios e procedementos de avaliación para esta etapa, en liña coas directrices da LOMLOE e do Decreto 97/2022. No segundo ciclo, a avaliación ten como obxectivo observar e documentar os avances do alumnado nas tres áreas de aprendizaxe (Crecemento en harmonía, Descubrimento e exploración da contorna, e Comunicación e representación dos saberes), sen empregar cualificacións numéricas. A avaliación ten un enfoque global e orientador, sendo continua e formativa, e utilizándose instrumentos como as listas de control, rexistros anecdóticos e outros métodos de observación.

Un aspecto clave desta orde é a comunicación coas familias. Segundo a normativa, o profesorado debe informar periodicamente ás familias sobre o progreso dos nenos e nenas mediante informes descritivos, facilitando unha comprensión clara dos logros alcanzados, así como das áreas que precisan reforzo. Estes informes teñen un valor informativo e non condicionan a promoción do alumnado, xa que, en Educación Infantil, todos os nenos e nenas pasan automaticamente ao seguinte curso ou ciclo.

- Polo que respecta ao **primeiro ciclo de Educación Infantil (0-3 anos)**, aínda que non está cuberto pola Orde do 21 de abril de 2023, tamén se realiza unha avaliación co fin de observar o desenvolvemento dos nenos e nenas, dado que nestas idades o enfoque está especialmente centrado nas rutinas diarias e no benestar emocional e físico do alumnado. A avaliación neste ciclo inicial axústase á observación directa e aos informes de progreso sobre a autonomía persoal, as habilidades comunicativas iniciais e a socialización.

A observación nos vai a permitir establecer o punto de partida, é dicir, en que nivel de desenvolvemento evolutivo están os nenos e nenas, seguir o seu proceso evolutivo e obter información sobre calquera elemento que inflúa no mesmo, así como previr dificultades posteriores. En definitiva, a observación vai permitir adecuar a intervención educativa ás necesidades das crianzas.

Os instrumentos que podemos empregar para rexistrar os datos da observación son moi variados: diarios, rexistros anecdóticos, escalas de estimación, etc.

Avaliación inicial

Debe realizarse ó inicio de cada unidade didáctica ou proxecto. Como xa dixemos anteriormente nos proporciona información acerca dos coñecementos que posúen os nenos, dos seus intereses, da súa disposición cara ós contidos que se van traballar,... e permite ó educador adecuar mellor a intervención pedagóxica.

Nesta fase da avaliación pódense empregar diferentes técnicas por exemplo, presentar unha lámina motivadora relacionada co tema da unidade e a partir dela facer preguntas ós nenos, plantexar un xogo no que tiveran que sacar a flote o que saben sobre o tema, etc.

É recomendable realizar unha avaliación inicial sempre que se comece cunha nova aprendizaxe, para saber o nivel de coñecementos ou experiencias que ten o alumnado ao respecto.

Avaliación continua

Ten lugar ó longo de toda a unidade didáctica. Baséase fundamentalmente na observación dos nenos durante a execución das actividades: dificultades que atopan, nivel de interese que suscitan, etc. A información que proporciona nos indica si a unidade se vai desenvolvendo como estaba previsto ou, si non é así, detectar e modificar aqueles aspectos que se amosan inadecuados.

Avaliación sumativa

Das capacidades do alumnado: Realízase ao remate da unidade didáctica e permite establecer si os nenos acadan os obxectivos propostos. En caso de non ser así, habería que retomalos en unidades seguintes. Para plasmar estes resultados podemos empregar diferentes instrumentos: escalas de observación que recollen as capacidades que terían que estar adquiridas, táboas como a que se ofrece no cadro seguinte, etc.

Nome e apelidos			
Ciclo:		Nivel:	
Unidades	Obxectivos	Contidos	Como se desenvolveu o proceso de aprendizaxe (logros e dificultades)

Da práctica docente

Esta avaliación será continua e nela se valorará a adecuación de cada un dos elementos que integran a unidades didáctica. Para realizala pódense empregar diferentes instrumentos: diario, autoavaliación mediante unha escala de estimación, un observador externo, etc.

3. TIPOS DE PROGRAMACIÓN.

Cantón (2011) indica diferentes tipos de programación atendendo a diferentes criterios.

Atendendo ao nivel de concreción do currículo pódense establecer diferentes tipos de programación:

- Con currículos abertos as programacións serán diferentes en cada centro educativo, xa que só haberá unhas orientacións xerais das administracións educativas, Será cada centro o que estableza de maneira autónoma todos los elementos da programación sen ter que axustarse a ningunha prescripción.
- Con currículos pechados, o profesorado será un aplicador do currículo, pero non un deseñador, A programación será común a todo o territorio que ten o currículo pechado.

Atendendo aos elementos que integran a programación e ao valor que se lle concede a eses elementos, pódese falar de programacións:

Formais, danlle o peso principal á explicitación da finalidade, dos presupostos científicos sobre a persoa a educar, á natureza do coñecemento e á fundamentación metodolóxica.

Psicolóxicas, poñen o peso fundamental no tipo de obxectivos formulados, nos procesos psicolóxicos que se desenvolven e nas actividades de ensino.

Estruturais, das cales existen moitos modelos, ten un peso maior o compoñente pedagóxico e entenden a programación como un sistema na que hai unha relación complexa entre os seus elementos, destacan entre elas, os modelos de:

- a) Taylor (1967). O seu deseño contempla a relación entre tres elementos: Obxectivos, coñecementos e metodoloxía.
- b) Frank (1976). Trata de dar resposta a seis preguntas:
 - Para que? Obxectivos.
 - A quen? Psicoestrutura.
 - Onde? Socioestrutura.
 - Que? Materia ou contidos.
 - Como? Metodoloxía.
 - Con que medios? Medios.
- c) Klausmeier (1975). Pon o acento nas situacións de aprendizaxe, e os seus elementos son: Obxectivos, contidos da materia, materiais instrutivos e tecnoloxía, o alumnado e as súas características persoais, o profesorado coas súas características e a interacción co alumnado, as variables organizativas e de espazo e, finalmente, as relacións entre familia, escola e comunidade.

Procesuais. Teñen en conta fundamentalmente a perspectiva da intervención na realidade, analizando a dinámica que vai dende a intencionalidade definida nos obxectivos até a avaliación dos resultados obtidos. Os modelos máis representativos son os de:

- a) Tyler (1973), neste modelo, a avaliación trata de dar resposta aos obxectivos, á materia, ao método e á organización.
- b) Modelos liñais de Glasser (1976) ou Herrick (1950), aínda que con algunhas diferencias de matiz, coinciden en definir unha secuencia segundo o esquema: Obxectivos, experiencias, proceso instrutivo e avaliación.
- c) Taba (1974) Cun esquema que contempla Obxectivos, organización dos contidos e as experiencias e avaliación pero baseado nun profundo análise científico das disciplinas que avalían ao alumnado, á sociedade e á escola.
- d) Wheeler (1976). Que presenta un modelo que está estruturado en cinco fases:
 - o Selección de fins, metas e obxectivos.
 - o Selección de experiencias de aprendizaxe.
 - o Selección de contidos.
 - o Organización e integración de experiencias e contidos.
 - o Avaliación.
- e) Gimeno (1981). Este modelo ademais de incluír os obxectivos, contidos e medios que son comúns a todos os modelos, incorpora como elemento fundamental el sistema de comunicación que é o que vai dinamizar a interacción de todos os outros elementos do modelo.

Outro xeito de clasificar os diferentes tipos de programación é atendendo ao xeito de organizar os contidos e ao sistema metodolóxico establecido, e así podemos atopar programacións:

- a) De carácter científico, xa que o peso fundamental da intervención educativa ven dado pola perspectiva científica, parcelando a programación en función da estrutura científica dos contidos a desenvolver e non desde a perspectiva da adquisición deses contidos por parte do alumnado.
- b) De carácter liñal, cunha estrutura xerarquizada do coñecemento sempre do máis sinxelo ao máis complexo.
- c) De carácter globalizado, nas que se da un tratamento integrado dos contidos, facilitando o coñecemento máis amplo dos feitos, fenómenos ou procesos e do logro de competencias.
- d) De carácter individualizado ou socializado, segundo poñan o acento no proceso educativo resaltando a individualidade da persoa ou destacando a socialización.
- e) De descubrimento, baseados na resolución de problemas, fan fincapé na parte metodolóxica e dan protagonismo ao alumnado na súa propia aprendizaxe.

4. O PROXECTO CURRICULAR DE CENTRO NA EDUCACIÓN INFANTIL.

Como noutros moitos apartados, é preciso sinalar que aínda que a educación infantil é unha etapa educativa, en Galiza o primeiro ciclo desta etapa non depende da Consellería de Educación, polo que boa parte da normativa que habitualmente se considera común á Educación infantil, realmente está dirixida só ao segundo ciclo da etapa, e que a normativa de primeiro ciclo está nalgúns casos nun esvaradío espazo entre a normativa educativa que fala de educación infantil en xeral e a normativa de centros de servizos sociais dirixidos á infancia.

O Proxecto Curricular de Centro era un documento que debía formar parte da documentación dos centros educativos regulados pola LOXSE, na actualidade as escolas infantís 0-3 deben estar organizadas polos documentos que a continuación se relacionan.

- Programación xeral anual da que forma parte:
 - Proxecto de xestión.
- Proxecto educativo. Dentro do que se incluírán:
 - Proposta pedagóxica.
 - Regulamento de Réxime Interior.

Estes documentos deberán ser públicos e as direccións dos centros deberán favorecer o seu coñecemento por parte de toda a Comunidade educativa.

En relación á proposta pedagóxica, sinalar que a LOMLOE recolle no seu artigo 14.2 a obriga de que todos os centros que imparte educación infantil redacten unha proposta pedagóxica.

4.1. Programación Xeral Anual.

Este é un documento que os centros educativos elaboran ao principio de cada curso e ten unha validez que se circunscribe a ese mesmo curso académico.

Elabórao o equipo directivo do centro tendo en conta as suxestións realizadas pola comunidade educativa.

A Programación xeral anual recolle todos os aspectos relativos á organización e funcionamento do centro, incluídos os seguintes apartados:

- a) Obxectivos que o centro se propón conseguir no curso académico, medidas que vai desenvolver para a súa consecución e recursos previstos para o efecto.
- b) Horario xeral do centro e criterios pedagóxicos para a súa elaboración.
- c) Programa anual de actividades complementarias e extraescolares.
- d) Documento de organización do centro, que incluírá a estrutura orgánica do centro, a estatística de principio de curso e a situación das instalacións e do equipamento.
- e) Plan anual de formación do profesorado e organización dos servizos complementarios.
- f) Proxecto de xestión

Se os documentos de carácter máis permanente non sofren modificacións farase constar que seguen vixentes, no caso de incorporar algunha modificación incluírase como anexo nesta programación anual.

Un apartado fundamental dentro da Programación xeral anual é o Proxecto de xestión, que é o documento no que os centros públicos expresan a ordenación e utilización dos seus recursos, tanto materiais como humanos.

Tendo en conta que os centros públicos dispoñen de autonomía para súa xestión económica, e que as direccións dos centros son as responsables da xestión dos seus recursos, é necesario que nun documento se plasme o sistema de realización e de xustificación do gasto.

4.2. Proxecto Educativo.

Os equipos educativos das escolas infantís de primeiro ciclo elaborarán un proxecto educativo ao que adaptarán o seu funcionamento.

Constará como mínimo dos seguintes apartados:

- Exposición e análise do seu contexto
- Definición da súa identidade, recollendo expresamente:
- A definición da liña metodolóxica do centro, respectando os principios de globalización, integración e normalización a través do uso das dúas linguas oficiais como vehículo de comunicación.
- As canles de participación das familias na proposta educativa da escola, e consecuentemente a dinámica de funcionamento da acción tutorial.
- O xeito de abordar a coeducación e a promoción dos valores democráticos.
- A opción confesional que asume a escola e os valores que se queren destacar.
- Obxectivos organizativos do centro, destacando as prioridades de actuación.
- A proposta pedagóxica, onde se concretará o currículo ás características específicas do centro.
- O regulamento de réxime interior.

Para realizar o Proxecto educativo teranse en conta as características da contorna social e cultural do centro e respectarse o principio de non discriminación e de inclusión educativa como valores fundamentais. E, por suposto, estar dirixido á consecución dos principios e obxectivos recollidos na lexislación educativa.

Os proxectos educativos deberán potenciar a participación das familias na dinámica dos centros buscando sempre o beneficio do alumnado.

O Proxecto educativo é un documento público e deberase facilitar o seu coñecemento polo conxunto da comunidade educativa.

No caso dos centros privados concertados o seu Proxecto educativo que será disposto polo seu respectivo titular e incorporará o carácter propio do centro.

4.3. Proposta pedagóxica.

A LOMLOE, no seu artigo 14.2, recoñece o carácter educativo dos centros que atenden ao alumnado do primeiro ciclo de Educación Infantil (0-3 anos). Esta norma establece que todos os centros de educación infantil deben contar cunha **proposta pedagóxica** que oriente a súa acción educativa. Esta proposta debe recoller de forma explícita o carácter educativo desta etapa, mesmo nos centros que só imparten o primeiro ciclo (0-3 anos), co fin de garantir unha intervención adecuada ao desenvolvemento dos nenos e nenas nesta idade.

A proposta pedagóxica debe incluír os obxectivos, contidos e metodoloxías axeitadas ás características e necesidades de desenvolvemento integral dos nenos e nenas. A LOMLOE, en liña cos principios de inclusión e equidade, subliña que o primeiro ciclo de Educación Infantil ten unha natureza non só asistencial, senón tamén educativa, onde se traballan competencias e habilidades básicas para o desenvolvemento físico, afectivo, social e cognitivo.

Así, a proposta pedagóxica é obrigatoria e constitúe un documento esencial para o funcionamento dos centros, asegurando que todos os nenos e nenas, independentemente do tipo de centro, teñan acceso a unha educación temperá de calidade.

En Galiza as escolas infantís de primeiro ciclo deben incluír na súa proposta pedagóxica os seguintes elementos:

- A programación da actividade educativa de cada un dos agrupamentos establecidos na escola infantil que estará estruturada nos seguintes elementos:
 - Os obxectivos.
 - Os contidos.
 - As actividades.
 - Os criterios metodolóxicos.
 - A forma de atención á diversidade do alumnado.
 - Os criterios de avaliación.
- O proceso de adaptación
- As bases da interacción entre a familia e o centro.

Ademais, é necesario que o equipo educativo coide de que esta proposta pedagóxica teña unha coherencia entre os diferentes niveis e se adecúe ao marco establecido no seu proxecto educativo e no currículo de Galiza para o primeiro ciclo da educación infantil.

| 4.4. Regulamento de réxime interior

É un documento que forma parte do Proxecto educativo de centro e ten que estar visado polo órgano da Administración autonómica con competencias en materia de inspección de servizos sociais e consta dos seguintes apartados:

- Datos do centro.
 - a) Funcionamento.
 - b) Estrutura organizativa.
 - c) Normativa referente ás familias e ás nenas e nenos.
 - d) Réxime de cobramento.
 - e) Normativa referente á infraestrutura do centro.

Este documento está regulado pola orde do 3 de xullo de 2000 pola que se aproba o contido mínimo do Regulamento de réxime interior de centros de atención á primeira infancia pertencentes á Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude.

5. AVALIACIÓN DOS DOCUMENTOS DE PLANIFICACIÓN.

A avaliación dos documentos de planificación dunha escola infantil 0-3 está vinculado coa avaliación da súa calidade, de feito o *Manual de gestión de calidade del centro de educación infantil* publicado pola Asociación Mundial de Educadores infantís sinala que para a avaliación da calidade dunha escola infantil deben analizarse o proxecto curricular e o proxecto educativo do centro ademais da xestión educativa da familia, a xestión educativa da comunidade, o desenvolvemento dos nenos e nenas, o estado nutricional e de saúde dos nenos e nenas e a eficiencia interna do centro infantil.

A avaliación da documentación existente no centro infantil abarca un considerable número de documentos directa ou indirectamente relacionados co proxecto educativo e a xestión do centro infantil, e que aportan datos importantes para a avaliación da súa calidade educativa.

Poden ser obxecto de análise documentos tales como: indicacións xerais do traballo, informes e resumos respecto ao proxecto educativo e curricular, informes de diverso tipo, actas de reunións e acordos tomados, programas de traballo, rexistros financeiros, rexistros de asistencia, plans de traballo e de clases, certificados de avaliación e capacitación profesional, entre moitos outros. Estes documentos poden ofrecer criterios, entre tantos outros, sobre:

- a) Estabilidade do proxecto educativo.
- b) Relación entre a capacidade do centro e a superficie.
- c) Aproveitamento desa capacidade da escola infantil.
- d) Ratio adecuada de persoal docente e non docente por educando.
- e) Asistencia e puntualidade do persoal docente e de servizos.
- f) Organización e control dos materiais e recursos de traballo.
- g) Cumprimento das programacións do centro.
- h) Correspondencia da avaliación pedagóxica co nivel de desenvolvemento alcanzado polos nenos e nenas.
- i) Asistencia dos representantes da familia ao sistema de charlas e outras actividades de educación de pais.
- j) Rendibilidade do centro infantil acorde co seu nivel de ingresos.

Estes e outros indicadores poden ser avaliados mediante a análise de documentos, incluso podemos dicir que hai algúns indicadores que soamente pode ser valorado a través dun documento.

Con respecto ao proxecto educativo, os compoñentes que se indica neste manual que habería que avaliar son:

- a) Proxecto educativo do centro infantil.
- b) Estrutura e deseño do centro infantil.
- c) Organización das instalacións.
- d) Regulamento Interno.
- e) Organización dos tempos.
- f) O persoal docente.
- g) Clima emocional do centro infantil.

En canto ao proxecto curricular, os compoñentes que haberá que avaliar son:

- a) O currículo.
- b) O proceso educativo.

Ademais é necesario ter en conta que a avaliación dos documentos en canto á localización temporal tres modelos de avaliación:

- a) **Avaliación inicial:** É a que se realiza antes do comezo do proceso de elaboración dos documentos, para recoller a información necesaria para elaboralos.
- b) **Avaliación continua ou formativa:** Realízase durante o propio proceso de aplicación da documentación elaborada. A avaliación formativa atende a todos os elementos que conforman os documentos do centro e ten que permitir a súa modificación durante o propio proceso de aplicación, sen esperar a que remate para facer os cambios pertinentes nunha nova elaboración dos documentos.
- c) **Avaliación final ou sumativa:** Como o seu nome indica, realízase ao final do proceso de duración do documento.

Tamén se debe considerar o lugar que ocupa a avaliación dentro do proceso e deste xeito podemos distinguir:

- a) **Avaliación interna ou autoavaliación:** Cando é o propio centro quen valora os seus niveis de realización, adquisición ou execución de certas tarefas ou obxectivos sinalados nos documentos correspondente. Este modelo de avaliación implica que son os centros os que teñen a responsabilidade da súa propias xestión.
- b) **Avaliación externa:** Cada vez máis frecuente é a utilización de empresas de avaliación ou de certificación de calidade que avalían de maneira externa aos centros educativos, de maneira particular a súa documentación. Nestes casos son persoas expertas en avaliación, quen utilizando un determinado conxunto de técnicas, trata de avaliar a consecución de obxectivos programados, e como consecuencia da información obtida toma as decisións pertinentes, que poden ser transmitidas ao propio centro para unha mellora do seu funcionamento ou ben ás autoridades competentes para o control do funcionamento do centro.

6. CONCLUSIONES

- Importancia da Educación inicial
- A complexa tarefa do Técnico Superior de Educación Infantil.
- Citas de autores, referentes...

7. REFERENCIAS LEGISLATIVAS BÁSICAS

- Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOMLOE).
- Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva entre mulleres e homes.
- Lei Orgánica 4/2011, de 11 de marzo, complementaria da Lei de Economía Sostible, pola que se modifican as Leis Orgánicas 5/2002, de 19 de xuño, de Cualificacións e da Formación Profesional.
- Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.
- Lei 8/2016, do 8 de xullo, pola que se modifica a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.
- Real Decreto 659/2023, do 18 de xullo, polo que se desenvolve a ordenación do Sistema de Formación Profesional.
- Real Decreto 95/2022, do 1 de febreiro, polo que se establece a ordenación e as ensinanzas mínimas da Educación Infantil.
- Real Decreto 1594/2011, do 4 de novembro, polo que se establecen as especialidades docentes do Corpo de Mestres que desempeñen as súas funcións en Educación Infantil e Primaria.
- Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 183/2013, do 5 de decembro, polo que se crea a Rede galega de atención temperá.
- Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia.
- Decreto 226/2008, do 25 de setembro, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en educación infantil modificado polo Decreto 38/2010 de 18 de marzo.
- Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia.
- Orde do 8 de setembro de 2021 que desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.
- ORDE do 8 de maio de 2025 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2025/26 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 30 de maio de 2022 pola que se desenvolve o Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesta etapa educativa.

8. BIBLIOGRAFÍA E WEBGRAFÍA

- Aragay X. (2017). *Reimaginando la educación*. Barcelona, España: Paidós Ibérica.
- Arias, D. (2009). *O traballo por proxectos*. Santiago de Compostela, España: Xunta de Galicia.
- Cabanellas, I; Eslava, C. (2005). *Territorios de la infancia. Diálogos entre arquitectura y pedagogía*. Barcelona, España: Editorial Graó.
- Cantón, I. (2011). *Deseño e desenvolvemento do currículo*. Madrid, España: Alianza Editorial.
- Carbonell, J. (2015). *Pedagogías del siglo XXI. Alternativas para la innovación educativa*. Barcelona, España: Octaedro.
- Coll, C., Marchesi, A. y Palacios, J. (2004). *Desarrollo psicológico y educación. Psicología evolutiva*. Madrid, España: Alianza Editorial.
- Costa, A. (2004) *Historia da educación e da cultura en Galicia*. Vigo, España: Ed. Xerais.
- Escamilla, A (2008). *As competencias básicas*. Barcelona, España: Editorial Graó.
- Fraboni, F. (2005). *La escuela del laboratorio: más allá del proyecto y del currículo*. Madrid, España: Ed. Popular.
- Gallego, J.L. (2009). *Educación Infantil*. Málaga, España: Ed. Aljibe.
- González-Agapito, J. (2003). *La educación infantil: lecturas de un proceso histórico en Europa*. Barcelona, España: Octaedro.
- Ibáñez, C. (1992). *El proyecto de educación infantil y su práctica en el aula (13ª edición)*. Madrid, España: Ed. La Muralla.
- Lezama, de L. (2017). *La escuela del futuro*. Madrid, España: Editorial PPC.
- L'Ecuyer, C. (2013). *Educación en el asombro*. Barcelona, España: Plataforma Editorial.
- Montessori, M (2016). *Educación para un mundo novo*. Pontevedra, España: Kalandraka.
- Montessori, M. (2009). *Ideas generales sobre el método. Manual práctico*. Madrid, España: CEPE.
- Pérez, G. (2011). *Intervención Sociocomunitaria*. Madrid, España: Editorial UNED.
- Piaget, J. (2015). *Psicología del niño*. Madrid, España: Ed. Morata.
- Piaget, J. (2001). *Psicología y pedagogía*. Madrid, España: Ed. Crítica.
- Sanchidrian, C. (2010). *Historia y perspectiva actual de la Educación Infantil*. Barcelona, España: Editorial Graó.
- Tonucci, F. (2015). *A cidade dos nenos*. Pontevedra, España: Kalandraka.
- Trilla, J. (1985). *Ensayos sobre la Escuela. El espacio social y material de la escuela*. Barcelona, España: Editorial Laertes.
- Vizcaíno, I.M (2009). *Guía fácil para programar en educación infantil: trabajar por proyectos*. Madrid, España: Wolters Kluwer.
- Vizcaíno, I.M y Blasco, A (2013). *Hablemos de educación infantil: orientaciones y recursos (0-6 años)*. Madrid, España: Editorial Wolters Kluwer Educación.
- VV.AA (2001). *El legado pedagógico del siglo XX para la escuela del siglo XXI*. Barcelona, España: Graó.
- Zabalza, M. (1987). *Diseño y desarrollo curricular*. Madrid, España: Editorial Narcea.
- Regulamento das Escolas infantís Municipais de A Coruña. Accesible en: http://bop.dicoruna.es/bopportal/publicado/2014/04/15/2014_0000003950.pdf

- Regulamento da Rede de Escolas Galiña Azul. Accesible en:
http://www.escolasinfantisdegalicia.es/tui/wp-content/uploads/sites/130/2013/10/d_regulamento_escolas_2013.pdf

